

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

ORDE do 6 de xullo de 2021 pola que se nomean vogais do Xurado de Expropiación de Galicia.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón no seu artigo 11.1 que o Xurado de Expropiación de Galicia é un órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial. O devandito precepto establece, entre outros aspectos, as funcións deste xurado, sendo desenvolvidas mediante o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e polo Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, aprobado no do Decreto 172/2018, do 20 de decembro.

O artigo 7.1.f) do Decreto 172/2018, do 20 de decembro, establece, respecto da composición do Xurado, que entre os vogais, figuren sete profesionais libres colexiados con acreditada competencia nas materias propias das competencias do Xurado, nomeados pola consellería de adscrición, por proposta dos presidentes dos colexios profesionais de Galicia a que pertencen, entre os que figura o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.

Este mesmo artigo establece que as persoas titulares das vogalías previstas nas alíneas c), d), e) e f) serán substituídas nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade polos suplentes designados no momento do seu nomeamento.

Pola súa parte, o artigo 11 do referido decreto establece que as persoas titulares das vogalías previstas nas alíneas c), d), e) e f) do artigo 7, o mandato, tanto do titular como do suplente será de catro anos, renovable por períodos de igual duración, que comezará a computarse desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude da Orde do 16 de xuño de 2017 (publicada no DOG núm. 125, do 3 de xullo) pola que se nomean vogais do Xurado de Expropiación de Galicia, realizouse o nomea-



mento dos vogais, titular e suplente, en representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.

Esgotada a vixencia do seu mandato e logo de realizar os trámites formais de solicitude de designación ao organismo, o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia, achegou a proposta de nomeamento de novos vogais, titular e suplente representantes dese colexio.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único

Noméanse as persoas que se relacionan no anexo como vogais do Xurado de Expropiación de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

Ethel María Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

ANEXO

Vogais do Xurado de Expropiación de Galicia segundo o disposto no artigo 7.1.f) do Decreto 172/2018, do 20 de decembro.

1. En representación do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia:

Titular: Francisco Alonso Fernández.

Suplente: Juan José Vázquez Cerredá.

